

Reclamante:
Expediente. Nº **RSCTG 043/2018**

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por [REDACTED], en representación da Plataforma [REDACTED] mediante escrito do 30/3/2018, a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta o seguinte acordo:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED], en representación da Plataforma [REDACTED], presentou mediante escrito que tivo entrada no rexistro do Valedor do Pobo o día 30 de marzo de 2018, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, por entender desestimada unha solicitude de acceso á información solicitada ao Centro Gerontolóxico La Milagrosa

O escrito viña acompañado de copia da solicitude de información ao responsable do Centro Gerontolóxico La Milagrosa e diversos recortes de prensa.

Segundo. O reclamante solicita a apertura dun procedemento contra o Centro Gerontolóxico La Milagrosa, pola súa negativa a entregar documentos públicos, negando a súa existencia.

Entre a documentación que remite o reclamante, figura un correo electrónico do Centro Gerontolóxico La Milagrosa, no que se lle informa que a Asociación de Provincial de Pensionistas y Jubilados de A Coruña é unha entidade sen ánimo de lucro, polo que non se atopa incluída dentro do ámbito de aplicación das leis 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Terceiro. Con data do 7 de maio de 2018, déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Centro Gerontolóxico La Milagrosa para que, en cumprimento da normativa de transparencia, remitise informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 9 de maio de 2018, con data do 28 de maio, o Centro remite un completo informe sobre a solicitude, copia de poder en favor de [REDACTED]

[REDACTED], copia dos estatutos da Asociación de Provincial de Pensionistas y Jubilados de A Coruña.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación perante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das ditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da Lei 1/2016 establece que o procedemento se axustará ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustándose a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

O artigo 24 da Lei 1/2016 recoñece o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como *“os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións”*.

O artigo 12 da Lei 19/2013 configura o dereito de acceso á información pública de forma ampla, sendo titulares do mesmo calquera persoa, sen necesidade de que o solicitante estea obrigado a motivar a súa resolución, de acordo co disposto no artigo 26.4 da Lei 1/2016.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, do 15 de febreiro establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interporase no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado.

Cuarto. Análise do expediente

En resposta á solicitude de información presentada por ██████████ ao Centro Gerontolóxico La Milagrosa, por parte da administración do mesmo se lle remitiu un correo electrónico no que se lle informa que o citado centro, por tratarse dunha entidade sen ánimo de lucro, non se atopa encadrada dentro do ámbito de aplicación da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Do informe que remite a Asociación e dos estatutos que acompaña conséntase que a mesma é unha entidade sen ánimo de lucro e de acordo con tal carácter e a acertada argumentación verquida no informe, non cabe senón concluír que a entidade non está incluída dentro do ámbito de aplicación da normativa de transparencia e non ten por tanto obriga de remitir a información solicitada polo Sr ██████████.

En efecto, tal e como dispoñen os artigos 3 e 4 da citada Lei 1/2016, as entidades privadas, como é o caso do Centro Gerontolóxico La Milagrosa, non están obrigadas a conceder o acceso á información pública solicitada polos cidadáns.

De acordo co anterior, procede a inadmisión da reclamación presentada por ██████████ en representación da Plataforma ██████████, por non ser a entidade á que se lle solicita información pública, un suxeito ao que o artigo 3 da Lei 1/2016 inclúe dentro desta obriga.

ACORDA

Único: Inadmitir a reclamación presentada por ██████████, en representación da Plataforma ██████████ con data do 30/3/2018, contra a denegación da súa solicitude de información polo Centro Gerontolóxico La Milagrosa.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados

desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, a 27 de maio de 2018

A presidenta da Comisión da Transparencia

Milagros Otero Parga